

**CONCELLO DE
SANTIAGO**

22. ACONTECIMENTOS POSTERIORES AO PECHÉ QUE NON AFECTAN A CONTA ANUAL DO ANO 2014.

1.- Incumprimento da regra do gasto na liquidación do ano 2014.(artigo 12 da lei orgánica 2/2012 de 27 de abril e Orden Ministerial HAP/2105/2012 de 1 de outubro.)

O principal acontecemento producido con posterioridade ao pecha da contabilidade e con ocasión da liquidación do orzamento do 2014 é a posta de manifesto do incumprimento da regra do gasto, se ben o Concello cumpre co obxectivo de estabilidade e débeda pública.


Tal como se sinala no informe de Intervención do 10 de marzo de 2015 o gasto liquidado no ano 2014 excede ó autorizado pola regra do gasto nun importe que ascende que se cuantifica inicialmente nese informe en -2.212.907,67€ e que con posterioridade e finalmente se cifra en **- 2.355.437,63** (informe trimestral remitido ao Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas pola Intervención do Concello, no marco das obrigas regulamentarias derivadas da lei de estabilidade orzamentaria),

O resultado deste incumprimento é a obriga legal de proceder a aprobación inmediata dun PEF que entre o ano 2015 e 2016 permita voltar a senda de cumprimento de conformidade co establecido no artigo 21 da Lei 2/2012.

2.- Incremento do gasto de persoal

No ano 2104 se produxeron diversas sentenzas en materia de persoal. Coma consecuencia da súa execución (sentenzas do ano 2014 e anteriores) en relación co recoñecemento de primas de xubilación, sobre cesión ilegal de traballadores que prestan servizo en centros socioculturais e contratos menores reiterativos para músicos da banda, o gasto consolidado en materia de persoal do actual exercicio e os gastos consolidados de exercicios futuros verase incrementado.

Durante o exercicio 2015 se teñen recoñecidas obrigas de pago derivadas de sentenzas do ano 2014 do Xulgado do Contencioso Administrativo número 2 de Santiago que condenan ó Concello de Santiago de Compostela ao pago de cantidades que oscilan próximas ós 700.000,00€. Entre outras sentenzas figuran ás número 856/2014, 1067/2014, 1068/2014, 1069/2014, 1075/2014 de 4 de decembro, e a número 1074/2014 de 17 de decembro (informe de



CONCELLO DE SANTIAGO

Intervención número 5/2015) e sentenzas recaídas en procedemento número 432/2014 e 430/2013 (informe de Intervención número 316/2015).

Por outro lado, o Xulgado do Social número 2 de Santiago de Compostela ten condenado ó Concello de Santiago en diversas sentenzas do ano 2014 e anteriores ao pago de contías económicas por diferenzas retributivas, xuros ou indemnizacións como consecuencia de declarar persoal laboral indefinido non fixo á persoas que prestaron os seus servizos ó Concello en centros socio culturais (cesión ilegal de traballadores, informes de 14 de xullo de 2014 e 30 de abril 2015 entre outros) ou ben na banda de música (a través de contratos menores reiterativos, informe de 13 de abril de 2015).

3.-Acredores por operacións pendentes de aplicar ao orzamento

As facturas pendentes de imputar ao orzamento a 31 de decembro de 2014 ascendían a 151.491,05€.


4.- Ingresos pendentes de aplicar ao orzamento (conta financeira 5540)

En canto ós ingresos pendentes de aplicar ao orzamento que proveñen das contas restrinxidas de Recadación (rúbrica 30003) o importe a 31/12/2014 ascendía a 48.355,22€, os cales seguen pendentes segundo se indican nos informes (anexo 2) do Tesoureiro Municipal á factura de data de cada mes.

Os ingresos pendentes de aplicar ao orzamento que se rexistran na rúbrica 30011 ascenden a 418.217,77€ na data de 31/12/2014. Se trata de ingresos feitos en contas operativas da Tesourería Municipal que non se poden imputar directamente ao orzamento por tratarse de subvencións pendentes de identificar ao programa de gasto que corresponden ou subvencións que estean pendentes de devolución ou axuste. A data de hoxe, figurán aplicadas ao orzamento de ingreso por importe de 396.028,87€ e están pendentes 22.188,68€.

5.-Pagos pendentes de aplicación (conta financeira 5550) e outras partidas pendentes de aplicación (5590)

A 31/12/2014 a primeira ten un saldo de 2.057,88€, e a segunda ten un saldo de 700,38€ que se regulariza no ano 2015 salvo o importe de 59,23€ que tal



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

indicou en contas anteriores, é un saldo do ano 2006 que habería que regularizar dada a súa antigüidade.

Santiago de Compostela, 3 de agosto de 2015.

A INTERVENTORA XERAL

Inmaculada Viña Carregal

